

A RAPAZA DESCONECIDA

[Jean-Pierre e Luc Dardenne, 2016]

207

ESTREA EN NUMAX: 03.03.2017 | V.O.S.G. | +12

La fille inconnue (2016, 106')

Dirección: Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne

Guión: Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne

Elenco: Adèle Haenel, Jérémie Renier, Olivier Gourmet, Thomas Doret, Fabrizio Rongione, Christelle Cornil

Vestuario: Charlotte De Gottal

Son: Jean-Pierre Duret

Montaxe: Marie-Hélène Dozo

Dirección de arte: Julien Denis

Fotografía: Alain Marcoen

Produtora: Les Films du Fleuve (Bélxica)

Distribuidora: Wanda Visión

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Dos días, una noche, 2014

El niño de la bicicleta, 2011

El silencio de Lorna, 2008

El niño, 2005

El hijo, 2002

Rosetta, 1999

La promesa, 1996

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (sección oficial),

César 2016 (finalista), Lumière 2017

(nomeado a mellor filme francófono)

SINOPSE

Unha noite, despois do peche do seu consultorio, Jenny, unha moza médica de familia, escoita o timbre pero non abre. Ao día seguinte, entérase pola policía de que atoparon, non lonxe de alí, unha moza morta, sen identidade.

«Os Dardenne len a Agatha Christie. A alma do filme é a dun thriller triste baleirado da tensión impúdica que converte un crime en espectáculo. E aquí, os directores volven demostrar a súa estatura de xigantes»

Luis Martínez, EL MUNDO



A RAPAÇA DESCOÑECIDA

[Jean-Pierre e Luc Dardenne, 2016]

“Adèle faime pensar en James Stewart nos filmes de Capra”

Entrevista a Jean-Pierre e Luc Dardenne

Por Axel Scoffier

O punto de partida do voso guión é a descuberta do corpo dunha moza anónima ou, pola contra, a historia da doutora? Luc Dardenne: A doutora. É unha figura na que viñamos pensando desde a rodaxe de *El niño de la bicicleta*. A idea dunha moza descoñecida viunos máis tarde.

Jenny, encarnada por Adèle Haenel, é unha personaxe que garda silencio por un sentimento moito máis complexo ao dos vosos personaxes habituais, pois os motivos residen máis na psicoloxía ca na necesidade. Cales son as razóns da culpabilidade da moza?

Jean-Pierre Dardenne: O punto de partida é simplemente o dunha persoa que peta nunha porta, non lle abren, e ao día seguinte aparece morta. Jenny séntese culpábel, especialmente por ser médica e a súa porta debera estar sempre aberta a un posíbel paciente. Daquela méteselle na testa coñecer o nome da moza para reparar o dano. O motor da acción non é a busca da persoa culpábel, Jenny está posuída por este personaxe e todo o demais permanece baleiro, de aí que filmemos interiores baleiros e bastante uniformes.

O rostro de Adèle Haenel destaca moito na imaxe, coas súas vestimentas discretas e algo pasadas de moda.

JPD: Se escollemos a Adèle foi polo seu rostro. Tiñamos un guión aínda pouco desenvolvido arredor dunha médica máis vella que non queriamos que se convertese en policía. Atopamos a Adèle por azar e adaptamos a personaxe á súa xuventude, á súa inocencia, cunha Jenny que interroga os seus pacientes dun xeito máis franco e directo.

LD: Adèle faime pensar en James Stewart nos filmes de Capra pola súa inocencia, o seu candor, o seu valor. Consegue arrincar unha palabra da xente só coa mirada.

Cal é a vosa posición sobre a busca da emoción no espectador? LD: Non buscamos provocar a emoción, senón que o espectador se interroga sobre a súa propia reacción ante determinadas situacións, cando ela mostra unha foto ou colle o pulso dun paciente. Penso que se subliñamos a emoción ou a natureza dramática deses diálogos o espectador ollaría as escenas dunha maneira superficial.

JPD: Pola contra compartimos os momentos de goce nos que os pacientes ofrecen a Jenny un café, un gofre ou un panettone. Son situacións onde ela sae da cuncha e se aproxima á xente.

Hai unha omnipresencia sonora dos coches, mesma nas escenas de interior.

JPD: Escóitase moito na consulta. Traballamos este aspecto do son por dúas razóns. Queriamos mostrar que este lugar se atopa fóra do mundo, os coches pasan mais non paran, non hai vida, nin nenos, nin escola. Pensamos en reaxustar o son con rúidos dun patio da escola, mais non se correspondía coas nosas intencións. Queriamos situar a historia nas marxes, cos parias, alí onde é posíbel morrer axiña. Lonxe do centro. Co paso dos coches dá a impresión de que as cousas continúan malia o drama do filme, como se nada tivese acontecido.

Tamén hai un continuo resoar do teléfono e os interfonos. JPD:

Absolutamente, probamos unha chea de tons de teléfono, algúns máis personalizados, outros máis doces. Finalmente consideramos que Jenny debía ter un ton neutro, á vez simple e agresivo, como unha serea.

LD: Volvendo á música e á noción de culpabilidade, n’A moza descoñecida a clave do filme é o silencio, o feito de falar ou non. Os personaxes son culpábeis de gardar silencio sobre aquilo que saben. Por tanto a música non ten lugar. [...] Vin hai uns días *Winchester 73* [Anthony Mann, 1950], na escena final do filme, onde se enfrontan os dous irmáns, non hai música, temos os tiros, as rochas que se esnaquizan. Prefiro eses momentos, se cadra non máis puros pero si máis sólidos, cando o son se integra na materia dun filme.

Publicado en www.rtbfb.be/culture/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Dos días, una noche. Came [DVD/BluRay]

El home cinema de los hermanos Dardenne. Intermedio [DVD]

Cine de nuestro tiempo 2. Intermedio [DVD]

La promesse. New York Video [DVD]

The Silence of Norma. New Wave [DVD]

Un cinema,
unha libraría
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME